La Voz de Galicia

JUEVES
30 DE ABRIL
DEL 2015

SUSCRIPCIONES
Teléfono gratuito 900 154 218
CENTRALITA 981 180 180

DE BAR EN BAR

Feos

Xosé Carlos Caneiro

Reivindico a beleza dos feos, o seu alento de primavera, as madréporas caraveis lirios que levan colgados nas ondas do pelo. Reivindico, contra todos os modelos, que non haxa modelos nin paradigmas. A Valle-Inclán, que era feo e católico e sentimental: estranxeiro na súa propia patria. Os feos non existen publicamente, maioritariamente, mediaticamadrileñamente: porque todo o borraron os que mandan e propoñen estéticas. Reivindico a beleza dos feos. Os que non están de moda. E, aínda que pareza un tópico horrísono, sei que o máis lindo está por dentro. Na época da chapa e pintura, da cosmética e da superficie, convén arriar bandeiras no interior do ser humano. Mergullármonos no mar da alma, ese océano que xa non transitan os poetas: ocupados en discutir dogmas e poéticas, escolas, contubernios e outras conxuras (os poetas existen contra os poetas, tristemente). Reivindico a beleza dos feos, porque lonxe da harmonía aparece tamén o talento. A anarquía do *Ulises* de James Joyce, as escrituras automáticas dos surrealistas (nadadores da nada), a invernía descolocada dos sentimentos de Proust, a contranatura que habita na prosa do mestre Nabokov, a iconoclastia dos que non queren ser iguais repetidos similares. Os que desexan ser outros. Reivindico a beleza dos feos en pugna co reino das imaxes tuneadas re[tocadas] das *photoshop*. A fealdade ne[cesaria] mundo tan arreglado e corrixido parece unha vi[rtude]. [Fe]alidade limpa e ase[ada], recén sa[ída] da ducha, é un [bo]lpe de mar n[o] rostro. De espu[ma]. Os feos nor[mais] teñen [ca]ralles e [escribe] poem[as] de a[mor], talvez por [escribir] bo[ca] ta columna. Que vivan os feo[s]. Tanta guapu[ra], cansa. Digo, [ben]ta. Reivindic[o] gritando, as madre[pór]as car[avel]as lirios. Feos.

Tres millones de gallegos

Luis Cao, Aspy
Gaiteiro de The Real Mckenzies

«Poder vivir do que che gusta, de tocar a gaita, non ten prezo. Foi sorte»

Este músico de Cambre leva catro anos co famoso grupo de Vancouver

MARÍA CEDRÓN
REDACCIÓN / LA VOZ

O 7 de abril o grupo canadense The Real Mckenzies sacou novo disco, *Rats in the Burlap*. Na portada do vinilo aparece un retrato dos compoñentes desta formación de *punk-rock* escocés. O segundo pola dereita é Luis Cao, Aspy, (Cambre, 1986). Porque este rapaz converteuse hai xa catro anos no gaiteiro dun grupo que leva 23 anos dando guerra sobre escenarios de todo o mundo. Agora acaban de rematar a súa xira por Canadá e o norte de Estados Unidos. A semana pasada comezaron en Berlín a súa nova xira europea.



[...]en Xeito, en Cambre, onde estivo uns días de descanso. MARCOS MÍGUEZ

—O seu con The Real Mcke[nzies] foi produto da ca[sualidade]. Bastards on Para[dise], o gr[upo] no que tocaba an[tes], foi te[ñeiro] en Vigo. A[cabou] empez[ou] ¿ou non?

—O [que pasou] foi q[ue] quedaron se[n] gaiteiro e [en] Turín [d]espois t[iven] outro [bo]lo en Roma. O *ma[rathon] tour* europeo con[tinuou] actou[alizándose] tón comigo e xusto [cando] preguntou, acep[tei] [sen] pensei que xa atopa[ra] [ou]tro. O que pasa é que [des]de xa vín que me mandaban [bi]lletes e todo o itinerario e pensei: «Pois vai en serio». Foi *crazy*, pero ao día seguinte estaba voando a Roma.

—Ademais vostede tocaba a gaita galega de toda a vida, non a escocesa.

—Naquela primeira aventura levei unha gaita galega, para a seguinte xira xa me mercaron eles unha gaita escocesa, que é coa que toco agora.

—¿Hai moitas diferenzas entre unha e outra?

—Puff, hai bastantes. Na escocesa hai que soprar máis, apretar máis. A palleta é diferente, máis grande e grosa, ten tres roncóns. Na gaita galega se toca en aberto, na escocesa en pechado... Os primeiros días foi máis duro, pero como sempre me gustou tocar, non tiven problema.

—E alá foi. E aí está preparado para a nova xira por Europa.

—A verdade é que estar con eles estes catro anos é unha experiencia moi boa. Estiven en varios *tours* por EE.UU., Canadá e Europa. Na última xira, da que acabamos de chegar, tamén fomos nun cruceiro entre Miami e as Bahamas... Iso foi un festival que creo que era a primeira vez que se organizaba polo San Patricio. A experiencia de ver diferentes cidades do mundo é guai, pero o mellor é poder vivir de tocar a gaita. Poder vivir do que che gusta non ten prezo. Foi sorte, foi sorte. Ademais, eu son moito de tocar en directo.

—En EE.UU. e incluso en países como Alemaña tocar en directo é moito máis común que aquí ¿ou non?

—Hai moito máis costume. Está máis arraigado o de facer concertos en directo. En Alemaña, por exemplo, hai moito.

—Agora acaban de sacar novo disco...

—Acabamos de editar un novo disco, *Rat in the Burlap*, que foi gravado en San Francisco no estudio Fat Records. Xusto hoxe vouvle levar un aos de Vazva, que son patrocinadores do grupo. Conta coa colaboración de Fat Mike, cantante de Nofx, o dono de The Fat Records, pero tamén de Little Jou, o baixista de Lawagon.

● UNHA PELÍCULA **«Braveheart»**
UN LIBRO **«The Real Mckenzies under the kilt»**
UN COCHE **Unha furgoneta Sprinter**

GRACIAS a todos nuestros socios de Honor, Benefactores, Protectores, Mérito, Colaboradores, Estudiantes.

Con su generosa colaboración podemos apoyar al Museo a través de compras de obras de arte y otras acciones.

Son ellos quienes disfrutan y quienes realizan cada una de las exposiciones, visitas guiadas, actividades, cursos, conferencias, fiestas culturales, descuentos en librería, tienda, cafetería y todo aquello que hacemos para las personas de la Asociación y del Museo. Gracias.

Cristina Tejero, FCAM, Vicepresidenta 2ª de la Amigos del Museo

GRACIAS POR ASOCIARTE

Real Asociación Amigos Museo Reina Sofía

Tú también puedes colaborar y disfrutar de las ventajas de ser socio

www.amigosmuseoreinasofia.org
c/ Santa Isabel, 52 • 28012 Madrid • Tel.: 915 304 287
asociacionamigosmuseoreinasofia.org